



ANALISE DO NOVO
DECRETO DO
PLURILINGÜISMO



Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. (Decreto 95 e Decreto 07)
- O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. (Decreto 07) (Decreto 95)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á administración, ao ensino e aos medios públicos de comunicación, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. (Decreto 07) (Decreto 95)

Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001. (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos da sociedade galega. (Decreto 07)
- Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro. (Decreto 07) (Decreto 95)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.
- A mobilidade do estudantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino. (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- O Decreto 124/2007, de 28 de xuño de 2007, orientouse nomeadamente cara á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía cara a un modelo de inmersión. O Consello Consultivo (ditame 366/07) concluíu que o dito decreto non era conforme a dereito.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- En xuño de 2009, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, realizou unha **consulta ás familias** dos máis de 330 mil alumnos e alumnas matriculados no sistema educativo non universitario, co obxectivo de coñecer directamente a súa opinión sobre distintos aspectos da utilización das linguas na educación de Galicia, opinión que foi tida en consideración para a elaboración dun novo marco normativo. A súa participación, moi especialmente na Educación Infantil e Primaria, mostrou o interese e implicación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo para os seus fillos e fillas. E os resultados, presentados en xullo de 2009 pola Administración educativa, puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertiron da **relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés**, ao lado das dúas linguas oficiais, e da **aposta da sociedade galega por unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais** nun sistema educativo plurilingüe.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- Tendo en conta o anterior, é este o momento en que cómpre formular un novo marco normativo para o ensino non universitario que regule a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos o de garantir a competencia plena e semellante nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s). (Decreto 07)

DISPOSICIÓNS

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, e desenvolve a Lei de normalización lingüística de 1983 para a súa aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia. (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

2. A LINGUA NA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

1. Na Administración educativa de Galicia, nos centros de ensino dependentes dela e entre o persoal ao seu servizo **promoverase a utilización da lingua galega** e fomentarase o seu uso oral e escrito tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, **na lingua respectiva**.
3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios, **fomentarase o uso da lingua galega**, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, **tamén se fomentará o uso do galego** nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

(Decreto 95) (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

3. EDUCACIÓN INFANTIL

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua (**materna**) predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Garantirase que se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante na aula.
2. A lingua predominante do alumnado determinarase **preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla**. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición.
3. **Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico de centro as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua oficial non predominante.**

(Decreto 95) (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

4. EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

1. En Educación primaria, ESO e Bacharelato, garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e **potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa.** Con esa finalidade, establécese que **un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).**
2. En Educación Primaria, as materias lingüísticas impartíranse na lingua de referencia. Das materias **Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas, unha impartírase en galego e outra en castelán segundo a opinión das familias, que será vinculante.** Cada centro educativo, a través do seu **Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias,** establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, **o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.**

(Decreto 95) (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

4. EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

3. En Educación Secundaria Obrigatoria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e **as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas e Ciencias Sociais, opinión que será vinculante**. Cada centro educativo, a través do seu **Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias**, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, **o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal**.

De maneira excepcional, **os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Ciencias Sociais deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición**. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).

(Decreto 95) (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

4. EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

4. En Bacharelato, cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).

(Decreto 95) (Decreto 07)

5. FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS

1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego.
3. Desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

(Decreto 95) (Decreto 07)



Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

6. ENSIANZA DE PERSOAS ADULTAS

1. Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas linguas oficiais.
2. Establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

7. HORARIOS E UTILIZACIÓN DAS LINGUAS

1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá.
2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.
(Decreto 95) (Decreto 07)
3. **En todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia.**

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

8. ELABORACIÓN E PUBLICCIÓN DE MATERIAIS CURRICULARES

1. Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. A Administración educativa **promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s).**
2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos sinalados no parágrafo anterior, terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a consellería competente en materia de educación fomentará a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.
(Decreto 95) (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

9. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico, no cal se fará constar:
 - a) A decisión do centro educativo respecto das materias e das horas semanais que se imparten en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).
 - b) O resultado da consulta ás familias para coñecer a súa opinión respecto da lingua de impartición das materias.
 - c) A dispoñibilidade do profesorado do centro para impartir materias en lingua(s) estranxeira(s).
 - d) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
 - e) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
 - f) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, faranse constar os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

9. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

2. O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os directores/as dos departamentos de linguas e o **coordinador(a) do equipo** de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles, **cada catro anos**, aos servizos da inspección, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

9. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:
 1. Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da consulta ás familias para obter información sobre a lingua materna do alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua oficial non predominante.
 2. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
5. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

10. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria constituirase un **equipo de dinamización da lingua galega**, nomeado e supervisado pola dirección do centro, e formado por profesorado, **representantes das familias**, representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario), e persoal non docente.
2. O coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega terá os mesmos dereitos administrativos e económicos cás xefaturas dos departamentos didácticos.
3. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

10. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

4. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de **promoción** da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.
6. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.
7. Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións territoriais. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

11. PLAN DE FORMACIÓN

1. A consellería competente en materia de educación desenvolverá un plan de formación, coa colaboración, se é o caso, doutras institucións, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego e un coñecemento da situación sociolingüística de Galicia.
(Decreto 07)
2. Tamén se desenvolverá anualmente un plan de formación en linguas estranxeiras coa finalidade de aumentar progresivamente a dispoñibilidade de profesorado con capacitación efectiva para a impartición de materias e de contidos en lingua(s) estranxeira(s).

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

12. FORMACIÓN DOS FUNCIONARIOS/AS EN PRÁCTICAS

O persoal seleccionado nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizará durante a fase de prácticas un curso de formación específico de terminoloxía, estilos, linguaxes propias da especialidade e aspectos sociolingüísticos, que lle permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.

(Decreto 07)

13. CONCURSO DE TRASLADOS

Para poder participar no concurso xeral de traslados a prazas en que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, o profesorado terá que acreditar a capacitación nesta, para o cal deberá estar en posesión da Certificación da Lingua Galega (CELGA) correspondente, da súa validación ou de títulos equivalentes.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

14. EXENCIÓN DA CUALIFICACION DAS PROBAS DE LINGUA GALEGA

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega **durante un máximo de tres cursos académicos**.
2. A exención suporá a consignación de “exento” no libro de cualificacións e mais no expediente do alumnado.
3. O alumno ou a alumna terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado, poida, ao remate do prazo da exención, ter un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

14. EXENCIÓN DA CUALIFICACION DAS PROBAS DE LINGUA GALEGA

4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención.
5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso en que se atopa.
6. No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

15. SOLICITUDES DE EXENCIÓN

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de **tres anos consecutivos**, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.
2. As solicitudes de exencións dirixiranse ás direccións dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos á que estean adscritos.
3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

(Decreto 07)



Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

16. ALUMNADO ANTERIOR Á INCORPORACIÓN DA LINGUA GALEGA AO ENSINO

O alumnado que cursase estudos en Galicia con anterioridade á incorporación da lingua galega ao sistema educativo e que queira proseguilos terá a obriga de cursar esta materia e será cualificado a partir do curso en que retome os seus estudos.

17. INSPECCIÓN

Os servizos de inspección velarán para que en todos os centros educativos se cumpra a normativa vixente sobre **normalización** lingüística e proponanlles, se é o caso, ás xefaturas territoriais competentes a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento, sen prexuízo das responsabilidades as que houbese lugar.

(Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1ª. PROCEDEMENTO PARA DETERMINAR A LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS

Será preceptiva a realización dunha consulta ás familias para que cada centro educativo coñeza a súa opinión respecto da lingua de impartición das materias (en galego, en castelán ou en lingua estranxeira) **en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato**. As familias expresarán a opinión a través dun **questionario de preguntas que cada centro educativo lles enviará durante o procedemento de matriculación ou na reserva de prazas**. Unha vez coñecida a opinión das familias, o **Consello Escolar de cada centro debaterá e aprobará a asignación lingüística das materias**. Este proceso farase **cada catro cursos** escolares. O procedemento para determinar a lingua de impartición das materias desenvolverase mediante unha orde posterior á aprobación deste Decreto.

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

2ª AVALIACIÓN DO GRAO DE COMPETENCIA NAS LINGUAS OFICIAIS

A consellería competente en materia de educación **establecerá un procedemento de avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais en Educación Primaria e en Educación Secundaria Obrigatoria**, como garantía da consecución progresiva da competencia semellante en ambas as linguas.

3ª Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, o Goberno de Galicia avaliará os resultados de aplicación deste decreto, e desenvolverá regulamentariamente cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos, co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino **plurilingüe** e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias. (Decreto 07)

Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

- 4ª Para a adquisición de competencias nas linguas estranxeiras entre o profesorado, a Administración educativa valorará a adquisición da dita formación no desenvolvemento da carreira docente.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

- 1ª Na medida en que os centros educativos non dispoñan dos recursos humanos que lles permitan ofertar as horas semanais en lingua(s) estranxeira(s), estas impartiranse en galego ou castelán, escoitando a opinión das familias e aprobando no Consello Escolar unha asignación lingüística que asegure o máximo equilibrio na distribución de horas semanais nas dúas linguas oficiais.
- 2ª Os “equipos de normalización e dinamización lingüística” dos centros educativos, creados ao abeiro do artigo 18º do Decreto 124/2007, pasan a denominarse “equipos de dinamización da lingua galega”.

CADRO COMPARATIVO DOS TRES DECRETOS

	DECRETO 95	DECRETO 07	DECRETO 09
EI	Lingua materna predominante	-Lingua materna predominante -Contornos cast.-falantes: 50% -Fomento lecto-escrita en gal.	-Lingua predominante, -Consulta ás familias
EP	COÑE + Outra+ Nas outras materias a lingua que estableza o centro no PEC, buscando o equilibrio entre as dúas oficiais.	-PXNLG: mínimo 50% -MATES, COÑE e EDU CIDADANÍA	-33% (gal/cast/ling.estrax) -COÑE /MATES: unha en gal. Outra en cast./ou en LEstrax -Consulta ás familias -As restantes decide o Consello Escolar
ESO	CCSS, CCNN, CCMedA e optativa + Nas outras materias a lingua que estableza o centro no PEC, buscando o equilibrio entre as dúas oficiais.	-PXNLG: mínimo 50% -MATES, CCNN, CCSS, EDU CIDADANÍA + as que fosen precisas até o 50%	-Iguual que en EP pero coas materias de MATES e CCSS
BACH.	1º) FÍA, TECNO, HMC, DEB TEC 2º) Hª, DT, TI, CCdT, Xegr,HA HF -Fía DRTO, CCPolít, Hª Xeog GZ - Nas outras materias a lingua que estableza o centro no PEC, con equilibrio entre as dúas oficiais.	-PXNLG: mínimo 50%	-Decide o centro unha oferta equilibrada entre gal / cast / ling estrax *Disposición adicional 1ª: "deciden as familias"???????
FP/CF	Áreas de coñecemento técnico-práctico	-PXNLG: mínimo 50% -FOL + o que decida o centro	Decide o centro, cunha oferta equilibrada das dúas linguas oficiais
PERSOAS ADULTAS		-no I e no II : o 50%. No III (ESO) e no BACH: íntegros en galego -Plan específico para inmigrantes	-Decide o centro unha oferta equilibrada das dúas linguas oficiais. -Plan específico para inmigrantes

CADRO COMPARATIVO DOS TRES DECRETOS

	DECRETO 95	DECRETO 07	DECRETO 09
Obxectivos. LNL e PXNLG (aprobados por unanimidade)	Desenvolve a LNL para adaptala á LOXSE , buscando a normalización da lingua galega no seu propio territorio	Desenvolve a LNL para adaptala á LOE (06) e perseguir os obxectivos do PXNLG(04) propiciando a igualdade plena das dúas linguas oficiais e garantir a competencia nas mesmas	Garantir a competencia nas dúas linguas oficiais e acadar o coñecemento dunha ling. Estranx. Desaparece o termo normalización, substituído por promoción e fomento
Equipos de normalización	<i>ENL</i>	ENDL	EDLG
Responsable da normalización lingüística	<i>A CEeOU é a encargada de arbitrar os mandatos para a implantación de hábitos lcos. a prol do gal. E de decidir a distribución das linguas vehiculares-oficiais das materias de estudo.</i>	A CEeOU é a encargada de asegurar a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. E de decidir a distribución das linguas vehiculares-oficiais entre as materias de estudo.	A CONSULTA Ás FAMILIAS é preceptiva e será vinculante para a distribución das linguas vehiculares-oficiais e non entre as materias de estudo.
Porcentaxe de materias en gal.	Até o 50%	Mínimo o 50% (PXNLG)	Mínimo o 33% para o docente. O alumnado pode usar a lingua que prefira
Linguas vehiculares	As dúas oficiais, por ser as únicas obrigatorias	As dúas oficiais, por ser as únicas obrigatorias	As dúas oficiais máis “Linguas estranxeiras” convertidas en obrigatorias, en pé de igualdade coas oficiais.
Lingua do alumnado	Nas materias impartidas en galego será o galego na oral e na escrita	Nas materias impartidas en galego será o galego na oral e na escrita	A lingua que o alumnado prefira, por oral e por escrito; agás nas clases de linguas
O Gal na Admon Educ	Lingua oficial (Todo se redactará en galego)	Lingua oficial (Todo se redactará en gale)	Deixa de ser a lingua oficial da educ, só se fomentará

CONCLUSIÓN:

- **O novo decreto non é un decreto para desenvolver a LNL do 83 nin moito menos o PXNLG do 04,** (Aprobados por unanimidade no Parlamento e razón de ser deste tipo de decretos). Foxe da normalización lingüística para adentrarse unha maneira estraña no plurilingüismo.
- **O novo decreto impón como linguas vehiculares linguas estranxeiras non oficiais no noso territorio,** sabendo que:
 - só son obrigatorias as linguas oficiais, as restantes son optativas como linguas vehiculares
 - a comunidade educativa queixouse sempre de non estar preparada para impartir docencia en galego, como será quen de impartila en inglés?
- **O novo decreto carga unha vez máis contra os docentes en xeral:**
 - esíxenos unha preparación en linguas estranxeiras simultánea ao desenvolvemento do noso labor docente
 - esíxenos que falemos na lingua que os pais e nais dos nosos alumnos escollan para as nosas aulas, se ben os nosos propios alumnos poden usar a lingua que prefiran, independentemente da lingua escollida polas familias e/ou polo Consello Escolar
 - esíxenos aos docentes de linguas que carguemos co Proxecto Lingüístico do Centro e que incluamos nos EDLG ás familias
 - esíxenos que fiquemos calados ante a violación manifesta das nosas propias programacións didácticas e , especialmente, ante os criterios de avaliación dos contidos curriculares e o grao de desenvolvemento das competencias, sobre todo da comunicativa
 - péchasselas a boca ao claustro e só se lle dá a palabra ao Consello Escolar, se ben non é este órgano (o máis democrático do sistema educativo) o que decide, senón as familias, que (a saber por que) saben máis da aprendizaxe das linguas, da competencia comunicativa e da normalización lingüística que nós mesmos, que os propios docentes
 - sométesenos, en fin, unha vez máis ao escarnio público, restándonos autoridade e criterio, sen termos en conta en ningún aspecto deste decreto, desprestixiando socialmente o noso labor docente...
- **O novo decreto atenta contra a autonomía e democracia interna dos centros.**
 - Alguén pensa realmente que é posible organizar cada catro anos que materias se van impartir en cada lingua, segundo o libre albedrío dos pais e nais en cada momento?
 - Alguén tivo en conta a mobilidade do profesorado?

CONCLUSIONES:

O novo decreto vulnera o marco legal no que nos movemos desde o ano 78:

1º) Vulnera a Constitución (78)

art. 3º.2. As outras linguas españolas serán tamen oficiais nas respectivas CCAA...

-As únicas linguas obrigatorias para impartir docencia (para seren vehiculares doutras materias) son as linguas oficiais (as únicas que se poden IMPOÑER). As linguas estranxeiras non se poden converter en obrigatorias (para seren vehiculares) se previamente non son declaradas oficiais pola Constitución Española. A única lingua que todos os españois temos o deber de aprender é o español, segundo reza a propia Constitución.

art. 3º.3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

-Desde o ano 83, en que se promulgou a LNL para protexer, respectar, promocionar e normalizar a lingua galega, seguindo os mandatos constitucionais e estatutarios, o galego foi lingua oficial no ensino e na Administración, polo tanto todos os documentos administrativos debían redactarse en galego desde a época de Sánchez Albor e o goberno de Alianza Popular. Agora deixa de protexerse ese dereito e a lingua galega retrocede no seu estatus á época do *Decreto de las lenguas regionales* promulgado por Franco antes de morrer, a unha época preautonómica, preconstitucional e predemocrática.

CONCLUSIONES:

O novo decreto vulnera o marco legal no que nos movemos desde o ano 78:

1º) Vulnera a Constitución (78)

art. 148º.1.17º. As CCAA asumirán as competencias no fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, no ensino da lingua propia.

2º) Vulnera o Estatuto de Autonomía (81)

art.5º.3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida...

Título II. Art.27º. Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción e ensino da lingua galega.

-Correspóndelles ás nosas autoridades educativas promover e defender a cooficialidade da nosa lingua, regular o seu ensino e promover o seu uso normal. Non lles corresponde ás familias nin aos centros educativos.

CONCLUSIÓNS:

O novo decreto vulnera o marco legal no que nos movemos desde o ano 78:

3º) Vulnera a Lei de Normalización Lingüística (83)

Preámbulo: A LNL garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

- Do novo decreto desaparece a igualdade das dúas linguas, desde o momento en que as familias e os centros, a través do CE, escollerán as linguas vehiculares. Ademais o alumnado poderá sempre que o desexe utilizar a lingua da súa preferencia, polo que só se garantirá nalgúns casos a impartición das 3h. Lectivas nas aulas de LeL Galega. Desaparece, polo tanto, o principio básico que rexe a lei do 83 e que o decreto debe desenvolver: a normalización do galego.

Título II. art.6º. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

-Desde o ano 83 todos os decretos nados ao amparo e para desenvolver esta Lei de Normalización Lingüística teñen, por lei, que estar ao servizo do avance no proceso normalizador, é dicir, de ir máis aló que o anterior. O presente decreto retrocede a unha etapa anterior a instauración da democracia en España, pois non só non vai máis alá, senón que é contrario á Lei.

Título III. Art.12º.1. O galego como lingua propia de Galicia é tamén oficial no ensino en todos os niveis educativos.

-O galego perde ese estatus pois xa non é a lingua da administración educativa, tan só se promoverá o seu uso dentro dela.

CONCLUSIONES:

O novo decreto vulnera o marco legal no que nos movemos desde o ano 78:

3º) Vulnera a Lei de Normalización Lingüística (83)

Título III. Art.12º. 2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coa presente Lei.

-No presente decreto serán as familias e os CE dos centros educativos os responsables da normalización lingüística e do reparto de materias entre as linguas vehiculares.

Título III. Art.13º. 1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino en lingua galega.

-O novo decreto só contempla o uso da lingua predominante, que será decidida por consulta ás familias.

Título III. Art.14º. 3. As autoridades educativas garantirán que ao remate dos ciclos os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral he escrito, en igualdade co castelán.

-O decreto do 95 recoñecía que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego só se podía conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Por iso, a pesar de que sóse contemplaba o 50% da docencia en galego como un máximo, o goberno de entón puxo a traballar a numerosos especialistas, entre eles o actual secretario de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004, sendo Fraga presidente e Núñez Feijoo vicepresidente. Nese Plan establécese que, dada a situación de incumprimento da LNL que reflite o estudo levado a cabo pola Comisión Europea a través do Proxecto Galbeus e dados os resultados do Mapa Socio-Lingüístico publicado pola Real Academia Galega que presenta unha perda de galego-falantes do 50% en dez anos, o que habería que facer e partir dun 50% como mínimo no uso do galego como lingua vehicular na docencia .

É evidente que o presente decreto, reducindo a porcentaxe de horas lectivas en galego ao 33%, sen obriga por parte do alumnado de empregar esta lingua nin por oral nin por escrito, provocará unha catástrofe para a lingua propia de Galicia.

Finalmente **tamén se vulnera a LOE**, pois ao remate do ensino obrigatorio será imposible que o alumnado galego teña desenvolvidas as súas competencias nas dúas linguas oficiais.